

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE DEBUXO DEBUXO ARTÍSTICO I e II



<b>INDICE.....</b>	<b>2</b>
1.- Introducción e contextualización.....	4
2.- Competencias clave.....	4
2.1. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.....	4
2.2. Concreción por curso dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.....	4
1º BACHARELATO.....	5
2º BACHARELATO.....	7
3.- Obxectivos didácticos.....	9
3.1.Obxectivos xerais do Bacharelato.....	9
3.2.Obxectivos específicos da área no Bach.....	9
1º BACH. DEBUXO ARTÍSTICO I.....	10
2º BACH. DEBUXO ARTÍSTICO II.....	10
4.- Temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, grao mínimo de consecución destes e procedementos e instrumentos de avaliación para cada curso .....	10
4.1. 1º BACH.....	10
4.2. 2º BACH.....	12
5. – Concrecións metodolóxicas da materia.....	13
5.1. Principios metodolóxicos xerais.....	13
5.2. Didáctica de aspectos disciplinares concretos.....	13
5.3. Estratexias metodolóxicas.....	14
6.- Materiais e recursos didácticos.....	14
7.- Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	14
7.1. Criterios de avaliación 1º de BACH.....	14
7.2. Criterios de avaliación 2º de BACH.....	15
7.4. Criterios de cualificación e promoción no BACHARELATO .....	15
8.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	16
9.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de pendentes.....	16
10.- Deseño da avaliación inicial, e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	17
11.- Medidas de atención á diversidade.....	17
12.- Os elementos transversais.....	17
13.- Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento.....	18
14.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	18
Addenda: adaptación ao contexto COVID/ Debuxo Artístico I.....	19
Addenda: adaptación ao contexto COVID/ Debuxo Artístico II.....	25

## 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Comarca do Deza, con capital en Lalín (cuns 12 000 habitantes) e rodeada doutras pequenas poboacións, como Vilatuxe, Prado, Dozón ou Agolada, presenta dous centros de Ensino Secundario (un privado-concertado, O Sagrado Corazón) e de Ensino Postobrigatorio, de carácter público, o IES Ramón María Aller Ulloa e o IES Laxeiro, situados no casco urbano de Lalín.

O IES Laxeiro é un centro educativo cunha variada oferta educativa, para dar saída a unha ampla gama de saídas profesionais e unha preparación para estudos superiores: ESO, Bacharelato (Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e CC SS), ESA e Bacharelato para Adultos, tamén ciclos formativos medios (Xestión Administrativa, Electromecánica de Vehículos e Instalacións Eléctricas Automáticas) e superiores ( Mantemento de Equipos Industriais e Administración e Finanzas) así como P.C.P.I., FP Básica e Programa de Diversificación Curricular (4º ESO).

O alumnado que chega ao IES Laxeiro é de procedencia maioritariamente rural, excepto aquel que reside en Lalín capital. Os colexios que están adscritos son: CPI Manuel Rivero en Lalín, CPI Xoaquín Loriga en Prado, CPI de Dozón, CPI Vilatuxe.

## 2.- COMPETENCIAS CLAVE

### 2.1 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE DEBUXO ARTÍSTICO AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, da educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato afondarase nas destrezas e no conceptos do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa.

As materias Debuxo Artístico I e II achegan coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

De xeito gradual e secuencial, os coñecementos e as destrezas adquiridos en Debuxo Artístico I deben ser a base sobre a que se asente Debuxo Artístico II. Ensinarase e aplicarase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia adquirindo as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos globais.

En Debuxo Artístico I, o alumnado traballa a materia de forma máis obxectiva, para dedicar o segundo curso a aspectos máis subxectivos, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas máis acordes cos seus intereses.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros e as súas compañeiras; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural; debe coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

A materia de Debuxo Artístico nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando para outras ensinanzas posteriores que o alumnado poida cursar, sexan artísticas ou tecnolóxicas, como base para a formación de profesionais creativos/as: ensinanzas artísticas superiores, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, belas artes e outras afíns; en definitiva, ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas (interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiaría, ilustración, deseño web, multimedia, etc.).

Debuxo Artístico I estrutúrase en cinco bloques de contido: "O debuxo como ferramenta", "Liña e forma", "A composición e os seus fundamentos", "A luz: o claroscuro e a textura" e "A cor". Debuxo Artístico II queda dividido en cinco bloques conceptuais:

- Bloque 1. A forma. Estudo e transformación
- Bloque 2: A expresión da subxectividade
- Bloque 3. Debuxo e perspectiva
- Bloque 4. O corpo humano como modelo
- Bloque 5. O debuxo no proceso creativo

A competencia artística e cultural desenvolverase a traveso desta área estando presente ao longo de todo o currículo da ESO na área de E. Plástica Visual e Audiovisual. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do patrimonio cultural e do alleo. Contribúese tamén a acadar esta competencia cando se experimenta e investiga con distintas técnicas plásticas e visuais para expresarse a través da imaxe.

O Debuxo Artístico colabora na adquisición de autonomía e iniciativa persoal dado que todo proceso de creación supón converter unha idea nun produto. Incide estreitamente en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Deste xeito, sitúa o alumnado ante un proceso que o obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

Esta materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. O respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade contribuirán á adquisición de habilidades sociais. Dentro desta competencia, trataremos de relacionarnos con outros centros educativos, doutros entornos sociais, así como acudir a museos, etc.

A reflexión sobre os procesos e experimentación creativa contribúe a favorecer a competencia de aprender a aprender que implica a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao mundo da arte, técnicas artísticas, así como aos estilos, suporá un uso das TICs para coñecer en profundidade ditos contidos. Ademais, o uso de recursos tecnolóxicos específicos non só supón un recurso válido para a produción de creacións visuais, senón que pola súa vez, colabora na adquisición da competencia dixital. Trataremos de utilizar a internet, algún programa informático, o email e diversas plataformas que lle permitan a alumnado e profesorado entrar en contacto con outros centros educativos.

A educación plástica e visual contribúe á adquisición da competencia no coñecemento e a interacción no mundo físico mediante a utilización de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento e a reflexión e posterior análise. Así mesmo introduce valores de sustentabilidade e reciclaxe en canto ás boas prácticas na utilización de materiais para a creación de obras. Analizaremos tanto o entorno social como o físico para a creación de obras que impliquen a reflexión e a análise.

Esta área contribúe á adquisición da competencia matemática desenvolvendo a linguaxe simbólica e profundando no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación do espazo.

Esta área tamén enriquece a capacidade comunicativa, xa que permite a expresión de ideas, sentimentos e emocións.

## 2.2. CONCRECIÓN POR CURSO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DESTES.

### DEBUXO ARTÍSTICO I

	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCBB
Bloque 1. O debuxo como ferramenta	DA1.B1.1.1. Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.	Valora e coñece algo da importancia do debuxo artístico, algunha das súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.	CSC CCEC
	DA1.B1.1.2. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.	Selecciona, relaciona e emprega con certo criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.	CCL
	DA1.B1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado	Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado	CSIEE CCEC
	DA1.B1.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en bo estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CSC
Bloque 2. Liña e forma	DA1.B1.3.2. Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.	Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.	CSIEE
	DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.	Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos	CSIEE CCEC
Bloque 3. A composición e os	DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou	Representa formas naturais e artificiais, atendendo á comprensión da súa estrutura	CSIEE

seus componentes	expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.	interna.	CCEC
	DA1.B2.2.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.	Comprende e representa as formas desde máis de un punto de vista.	CSIEE CCEC
	DA1.B2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.	Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións aproximadas, relacionándoas con formas xeométricas simples.	CMCCT
Bloque 4. A luz. O claroscuro e a textura	DA1.B3.1.1. Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.	Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga	CSIEE CCEC
	DA1.B3.2.1. Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.	Trata de relacionar e representar sinxelamente as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.	CAA
	DA1.B4.1.1. Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.	Trata de representar o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.	CSIEE CCEC
Bloque 5. A cor	DA1.B4.2.1. Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.	Coñece intuitivamente o valor expresivo da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar aproximadamente eses valores en obras propias e alleas.	CCL CSIEE CCEC
	DA1.B4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.	Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.	CD CCEC
	DA1.B5.1.1. Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e cromatón) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.	Intenta aplicar a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e cromatón) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.	CSIEE CCEC
	DA1.B5.1.2. Demostra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.	Demuestra medianamente o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.	CCL CCEC
	DA1.B5.1.3. Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal.	Aplica a cor na obra plástica persoal, tratando de ser expresiva.	CCEC
	DA1.5.1.4. Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.	Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.	CSIEE CCEC
	DA1.B5.1.5. Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.	Representa algúns matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.	CSIEE CD

**DEBUXO ARTÍSTICO II**

BLOQUES DE CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS BÁSICAS
Bloque 1. A forma. Estudo e transformación	DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas).	Interpreta e aplica basicamente formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas).	CSIEE CCEC
	DA2.B1.1.2. Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita.	Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial.	CCEC CD
Bloque 2: A expresión da subxectividade	DA2.B2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.	Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.	CSIEE CCEC
	DA2.B2.2.1. Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas).	Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas).	CCL CCEC
	DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.	Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.	CAA
	DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos.	Analiza basicamente de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos.	CCL
	DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.	Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.	CSC
	DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.	Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.	CSIEE CCEC

Bloque 3. Debuxo e perspectiva	DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.	Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais básicos da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.	CSIEE CCEC
	DA2.B4.1.1. Comprende a	Comprende a figura humana	CCEC

Bloque 4. O corpo humano como modelo	figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.	como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.	
	DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.	Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade aproximada mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.	CMCCT CCEC
	DA2.B4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.	Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.	CSIEE CCEC
	DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.	É capaz de representar e captar o movemento básico da figura humana de forma gráficoplástica aplicando diferentes técnicas.	CAA
	DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.	Elabora imaxes sinxelas con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.	CSIEE CCEC
	DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.	Coñece basicamente e aplica algunha das ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.	CD
	DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.	Valora mínimamente a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.	CSC
	DA2.B5.2.2. Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.	Demostra certa creatividade e unha mínima autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.	CSIEE CCEC

Bloque 5. O debuxo no proceso creativo	DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.	Está mínimamente orientado/a e coñece algunha das posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.	CMCCT CAA
	DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.	Selecciona, relaciona e emprega con algo de criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.	CCL
	DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficoplásticas.	Utiliza os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficoplásticas.	CAA CSIEE CEEC CCL
	DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Coida o seu espazo de traballo e o seu material, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CSC

### 3.-OBXECTIVOS DIDÁCTICOS 3.1. OBXECTIVOS XERAIS PARA O BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o li) respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.



- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### 3.2. OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE DEBUXO ARTÍSTICO PARA O BACHARELATO

A ensinanza do debuxo artístico no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Coñecer e distinguir os elementos básicos que configuran a forma e empregalos correctamente na representación de obxectos e estruturas.
2. Aprehender a estrutura interna dos obxectos que se representan e interpretala graficamente.
3. Distinguir os datos esenciais que configuran a forma, prescindindo dos detalles superfluos ou decorativos e atendendo ás proporcións das distintas partes que a configuren para debuxar estruturas formais.
4. Utilizar e desenvolver a memoria visual e a retentiva para elaborar imaxes, tanto desde un punto de vista obxectivo como subxectivo.
5. Utilizar a observación e o estudo directo das formas da natureza como fonte de reflexión para representacións de carácter subxectivo.
6. Interpretar unha forma ou conxunto de formas con diferentes intencións comunicativas ou expresivas.
7. Coñecer e aplicar a terminoloxía básica, así como os materiais, técnicas e procedementos adecuados á finalidade pretendida, adoptar criterios persoais e proceder de xeito racional na resolución das propostas de traballo.
8. Coñecer e utilizar os fundamentos teóricos da cor e o seu uso nas creacións plásticas de xeito razoado e expresivo.
9. Achegar nos debuxos solucións expresivas de carácter subxectivo, como medio para desenvolver a sensibilidade estética, a creatividade e o pensamento.
10. Coñecer os fundamentos compositivos e aplicarlos en obras propias e na análise de obras alleas.

### 4.-TEMPORALIZACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA CURSO.

#### 1º BACHARELATO/DEBUXO ARTÍSTICO I

ESTÁNDARES	1º AVAL.	2ª AVAL.	3º AVAL.	Procedementos e instrumentos de avaliación
DA1.B1.1.1. Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA1.B1.1.2. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA1.B1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame práctico

DA1.B1.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA1.B1.3.2. Aмосa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.	X	X	X	Observación directa na aula
DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA1.B2.2.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica Exame práctico
DA1.B2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA1.B3.1.1. Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame práctico
<b>ESTÁNDARES</b>	<b>1º AVAL.</b>	<b>2ª AVAL.</b>	<b>3º AVAL.</b>	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación</b>
DA1.B3.2.1. Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA1.B4.1.1. Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA1.B4.2.1. Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA1.B4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA1.B5.1.1. Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e croma-ton) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA1.B5.1.2. Demostra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA1.B5.1.3. Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal.		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame práctico
DA1.5.1.4. Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA1.B5.1.5. Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico

**2º BACHARELATO/DEBUXO ARTÍSTICO II**

ESTÁNDARES	1ª AV	2ª AV	3ª AV	Procedementos e instrumentos de avaliación
DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas).	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA2.B1.1.2. Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA2.B2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame práctico
DA2.B2.2.1. Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas).	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame práctico
DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame práctico
DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e	X	X	X	Observación directa na aula
ESTÁNDARES	1ª AV	2ª AV	3ª AV	Procedementos e instrumentos de avaliación
colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos.				Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame práctico
DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame práctico
DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA2.B4.1.1. Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA2.B4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.			X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.	X	X	X	Observación directa na aula

DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame práctico
DA2.B5.2.2. Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame práctico
DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico
DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico e práctico
DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	X	X	X	Observación directa na aula Exame práctico

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

### 5.1.- Principios metodolóxicos xerais

A metodoloxía basearase na exposición da unidade temática e a proposta de actividades (que serán incluídas no portfolio do alumno). Será unha metodoloxía eminentemente práctica, co apoio da teoría ao comezo das distintas unidades e actividades.

A corrección dos traballos será diaria e personalizada, buscando o desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades e capacidades.

O proceso de realización dos bloques temáticos desenvolveranse en función das seguintes pautas:

**Coñecemento:** Ao principio apórtaselle ao alumnado unha base teórica e unha guía na para poder indagar en ditos coñecementos, así como nos procedementos derivados, e os obxectivos a cumprir, mediante explicacións e documentación. Tamén se lles explicarán as rúbricas que se aplicarán ás distintas actividades.

**Experiencia:** Reflexión sobre a contorna e os seus propios coñecementos, relacionándoos cos aportados no tema.

**Acción :** Realización das actividades, tarefas e exercicios que se propuxeron anteriormente

**Reflexión:** Durante a sesión de clase animarase ao alumnado á reflexión sobre o que está a facer, podendo correxir ao instante.

### 5.2.- Didáctica de aspectos disciplinares concretos

Terá unha importancia fundamental:

- A asistencia diaria e puntual a clase. Ao ser unha área eminentemente práctica, é imprescindible a asistencia a clase, non admitíndose traballos feitos fóra desta, a non ser que a profesora plantexe algúns especificamente.
- Aportar os materiais necesarios para cada actividade.
- Actitude positiva e ansia de corrixir e aprender dos propios erros
- Investigación persoal no tema que se está a traballar.
- Respecto polo propio traballo e polo alleo.
- Respecto e coidado do material de clase e do da/os compañeiras e compañeiros.
- Axudar a crear un clima de traballo agradable
- Non interromper, falando, por exemplo, as explicacións e a dinámica de traballo persoal do alumnado e da profesora.

### 5.3.- Estratexias metodolóxicas

No desenvolvemento das tarefas pódense empregar diversas estratexias metodolóxicas:

- Coñecer, antes de comezar, as ideas previas, as dificultades de aprendizaxe do alumnado e os recursos dispoñibles.
- Introducir de xeito xeral o alumno na unidade, anticipando as tarefas previstas e os materiais necesarios para o desenvolvemento desta.

- Realizar exposicións (tanto por parte do profesor coma dos alumnos) utilizando diferentes soportes e incidindo no uso da imaxe e na expresión multimedia (oral, visual e outras).
- Complementar as lecturas coa busca de información e a reflexión tanto individual como en grupo.
- Fomentar a realización de esquemas ou mapas visuais do que se coñece e do que se quere coñecer, así como dos procesos de traballo tanto individuais como por medio de dinámicas grupais.
- Fomentar a exposición e posta en común, tanto na clase como fóra dela. - Realizar visitas extraescolares ou invitar personaxes de interese á aula.

---

## 6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área

- Os materiais dixitais (vídeos, presentacións, animacións...) asociados á unidade.
- Outros recursos: modelos variados para o seu estudo e debuxo - Saídas en contacto coa natureza - Vistas a museos.

O material empregado polo alumnado será, entre outros:

- Material de debuxo básico: grafito brando por exemplo:6B, 7B, 8B, 9B..., trapo, plomada, difumino...
- Papeis variados, segundo a técnica
- Carboncillo
- Bloque de debuxo artístico con papel ingres.
- Tinta chinesa cores
- Acuarela
- Pinceis
  
- Outro material

---

## 7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### 7.1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 1º BACH. DEBUXO ARTÍSTICO I

#### Bloque 1. O debuxo como ferramenta

B1.1. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través da historia da arte, no proceso creativo, con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos.

B1.2. Utilizar con criterio os materiais e a terminoloxía específica.

B1.3. Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.

#### Bloque 2. Liña e forma

B2.1. Describir graficamente obxectos naturais ou artificiais, amosando a comprensión da súa estrutura interna.

B2.2. Empregar a liña para a configuración de formas e transmisión de expresividade.

#### Bloque 3. A composición e os seus fundamentos

B3.1. Elaborar composicións analíticas, descritivas e expresivas con diferentes graos de iconicidade.

B3.2. Aplicar as leis básicas da percepción visual ao representar distintos volumes xeométricos ou orgánicas dentro dun espazo compositivo, atendendo ás proporcións e á perspectiva.

#### Bloque 4. A luz. O claroscuro e a textura

B4.1. Representar o volume de obxectos e espazos tridimensionais mediante a técnica do claroscuro.

B4.2. Valorar a influencia da luz como configuradora de formas e o seu valor expresivo.

B4.3. Explorar as posibilidades expresivas da textura visual e o claroscuro

#### **Bloque 5. A cor**

B5.1. Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos sobre a cor e as relacións cromáticas, tanto na expresión gráfico-plástica como na análise de diversas manifestacións artísticas.

## **7.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2º BACH. DEBUXO ARTÍSTICO II**

#### **Bloque 1. A forma. Estudo e transformación**

B1.1. Desenvolve a destreza debuxística con distintos niveis de iconicidade.

B1.2. Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas.

#### **Bloque 2: A expresión da subxectividade**

B2.1. Desenvolver a capacidade de representación das formas mediante a memoria e a retentiva visual.

B2.2. Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual.

B2.3. Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica.**Bloque 3. Debuxo e perspectiva**

B3.1. Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores lumínicos e cromáticos.

#### **Bloque 4. O corpo humano como modelo**

B4.1. Analizar as relacións de proporcionalidade da figura humana.

B4.2. Representar a figura humana e o seu contorno, identificando as relacións de proporcionalidade entre o conxunto e as súas partes.

B4.3. Experimentar cos recursos gráfico-plásticos para representar o movemento e a expresividade da figura humana.

#### **Bloque 5. O debuxo no proceso creativo**

B5.1. Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais de debuxo e as súas aplicacións na creación gráfico-plástica.

B5.2. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC.

B5.3. Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.

---

## **7.3.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN NO BACHARELATO.**

- Terase moi en conta o traballo diario do alumnado así como a boa actitude que amosen ante a asignatura: atención e interese nas explicacións, exposición de dúbidas e preguntas, traballo diario na clase e na casa coidando a presentación nos exercicios, responsabilidade coas ferramentas e instrumentos de debuxo non esquecéndoas na casa (será valorado ata nun 10% da nota de cada avaliación) (Máximo 1 punto sobre 10 por avaliación)
- Superación de un exame por trimestre, un de carácter práctico,. Valoráranse cun 20% da nota por avaliación ( Máximo 2 puntos sobre 10 por avaliación)
- Ademais valorarase a entrega dos traballos realizados durante o desenvolvemento de cada unidade didáctica que se valorarán ao 70% do total da nota de cada trimestre. (Máximo 7 puntos sobre 10 da nota total por avaliación) □ As probas serán calificadas de 0 a 10.
- Haberá probas de recuperación, se fora o caso, unha por avaliación, durante o curso.
- Será tida en conta a actitude do alumnado na cualificación trimestral.
- O alumnado deberá superar todas as partes da materia (3, que se corresponderán aproximadamente coas tres avaliacións. Se non fora o caso haberá unha proba final de recuperación, na que se avaliará toda materia do curso.

## **8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

Ao finalizar cada unidade, cada avaliación e ao final de curso a profesora terá que cuestionarse:

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade no próximo trimestre/curso? Por que?
- Ao remate do curso sería interesante presentarlle ao alumnado unha enquisa anónima con cuestións relativas á práctica docente:
  - Aspectos positivos
  - Aspectos negativos
  - Cousas que repetirías
  - Cousas que detestas
  - Maneiras persoais de como che gustaría que fora a clase/explicacións/actividades, etc
  - Ambiente da clase
  - Suxestións

O Departamento de Debuxo, en todas as súas áreas, polo tanto tamén en canto ao Debuxo Artístico, quere corrixir aqueles erros, dificultades ou aspectos que poderían ser mellorables.

Cremos importante facer un seguimento de resultados por avaliación e comentar as dificultades e incidencias, así como debater entre os membros do Departamento cal sería o mellor xeito de mellorar resultados, e tamén a motivación do alumnado, se fora preciso.

Faremos unha valoración- memoria de resultados por trimestre e unha memoria final. Nesta apuntaremos o que nos pareza oportuno resaltar co fin de ser mellorado no vindeiro curso.

## **9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES.**

### **9.1. Recuperación durante o curso**

En canto aos traballos que se deberán realizar, se un alumno ou alumna tivera varios exercicios incorrectos, podería presentar de novo, esta vez mellor, aquelas actividades non desenvolvidas correctamente, recuperándoas de este modo.

Dende o Dpto. Debuxo, cremos fundamental a actitude do alumnado fronte á área de Debuxo Artístico, tendo un peso sobre a cualificación final dun alumno ou alumna, xa que vai axudalo/a a comprender e razoar mellor, así como a colaborar a que a clase sexa máis amena e, en consecuencia dea mellores froitos á hora de acadar os obxectivos desta área.

Haberá un exame de recuperación da materia ao remate do curso e probas de recuperación por avaliacións, que se corresponderán con algunha das tres partes nas que se divide esta área, coincidindo coas avaliacións.

### **9.2. Programa de reforzo para recuperar as materias pendentes**

De haber alumnado pendente, farase un seguimento semanal, con actividades que se presentarán na data fixada. Así mesmo, plantexarase un exame xeral en febreiro e outro en maio, que incluírán parte teórica e práctica.

### **9.3. Probas extraordinarias**

Para as probas extraordinarias de Setembro, o exame estrará composto por exercicios relativos a cada unha das unidades didácticas deste curso. Haberá unha parte teórica e outra de carácter práctico, que computarán ao 30% e 70% respectivamente, do total da nota final do exame de setembro.

## **10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDADAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

Todo o alumnado, tanto de 1º como de 2º, realizará un exercicio práctico indicial para que a profesora analice os puntos fortes e débiles e para incidir nestes con medidas de reforzo, tanto por abaixo como por enriba do nivel que amosen. Estas medidas poderán ser de carácter individual ou grupar.

O primeiro exercicio consistirá nun debuxo do natural a grafito ou carboncillo en tamaño 35X50 aproximadamente.

## **11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Preténdese que o proxecto permita a flexibilización e a adaptación dos contidos..

Previamente, o profesor terá que cuestionarse:

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## **12.- OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.**

### **RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLITOS**

Desde a aula de debuxo actuaremos de acordo ao plan de convivencia deseñado neste centro educativo, sinalando e acatando as normas de convivencia establecidas en común acordo nas diversas reunións establecidas para tal fin.

En caso de incidencia, actuarase seguindo os procedementos para a situación dada.

Velaremos para que rexá a orde, o entendemento, o diálogo, a comprensión e se respecten os dereitos e deberes do alumnado, tanto nas horas de clase como de lecer, durante o período lectivo.

### **COMPRESIÓN LECTORA**

Cremos importante este proxecto dende todos os ámbitos da vida escolar, tamén dende o Debuxo Artístico. Sabemos que é fundamental saber que nos piden para poder realizado, saber ler e interpretar ideas e saber transmitilas, non só graficamente, senón tamén lendo e escribindo e falando. Tamén pensamos que o alumnado debe ir coñecendo a cultura que envolve o terreo da arquitectura e a tecnoloxía, así como o deseño en todas as súas caras. Para iso queremos que eles e elas investiguen, busquen, sintan curiosidade por coñecer obras de arte, as súas características, os seus valores únicos... Para iso hai que ler e escribir.

O feito de que este centro escolar teña unha revista fai que poidamos ter en proxecto a idea de crear artigos interesantes que lles falen aos demais membros desta comunidade de conceptos como a luz no espazo, dos ambientes, do feísmo, ...

### **COMUNICACION AUDIOVISUAL**

Desenvolveremos actividades de carácter teórico-práctico. Para a explicacións e comprensión de aspectos teóricos utilizaremos, en moitos casos información e documentación audiovisual procedente de internet, monográficos en DVD, etc.

O alumnado poderá utilizar internet, información facilitada pola profesora a traveso de google apps, etc para estudar, revisar e cotexar información relativa ás unidades temáticas.

### **TIC'S**

No mundo no que o Debuxo Artístico, como ben é sabido, as TICs supoñen unha ferramenta de traballo de uso diario. Non existe profesional do Debuxo, tanto debuxante de cómic, caricaturista, retratista..., que non use a diario como instrumento de traballo un ordenador cun programa dos variados que existen no mercado.

Por outro lado sabemos que á hora de elaborar traballos de investigación un xeito moi doado é o uso de internet para atopar información variada sobre calquera tema, tamén os que nos atinxen dentro desta área.

Este Departamento vai utilizar as TICs moi frecuentemente, para a elaboración de material de aula co que traballar, como para a proposta de actividades de busca de información. Utilizaremos aquelas páxinas que nos axuden a comprender técnicas, estilos artísticos, etc, en todas as unidades didácticas que compoñen este curso.

### **EMPRENDEMENTO**

Desde este departamento didáctico, animamos ao noso alumnado á toma de decisións, así como á autonomía, autoavaliación na realización das tarefas, actividades e exercicios. Tales valores determinan un carácter persoal de superación e disposición activa, nos



que a creatividade e ao emprendemento persoal son valores positivos e metas ás que deberiamos chegar no Bacharelato. As actividades propostas tratarán de desenvolver o emprendemento e iniciativa persoal, durante os cursos nos que se imparte o Debuxo Artístico, para que, en futuras actividades xa no mundo do traballo, ou en posteriores estudos, presenten ferramentas de traballo.

#### **EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL.**

O alumnado de Bacharelato forma parte da sociedade galega, española e europea. No marco desta sociedade, o departamento de debuxo quere desenvolver individuos responsables co medio e educados nos valores cívicos e constitucionais propios.

En cada sesión de clase velarase polo respecto neses valores, non tolerando actitudes contrarias a tales preceptos cívicos e constitucionais.

Así mesmo, cremos fundamental o respecto polo valor patrimonial e artístico, as súas manifestacións e o respecto polo valor do alleo e polo propio.

#### **EDUCACIÓN E SEGURIDADE VIARIA.**

Participaremos activamente en actividades relativas á seguridade viaria propostas polo departamento de orientación

#### **IGUALDADE EFECTIVA ENTRE HOMES E MULLERES. PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.**

No IES Laxeiro levase a traballar dun xeito moi dinámico ente tema. Dende diversos departamentos, incluído este, traballaremos con actividades relativas á igualdade e en loita contra a violencia de xénero.

Celebraremos, durante o curso actividades, actos, conferencias e saídas didácticas con motivo deste elemento transversal, que consideramos fundamental para mellorar neste aspecto social.

Así mesmo queremos sinalar o noso contacto actico departamento de Igualdade do Concello de Lalín

### **13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

As actividades complementarias e extraescolares deben ser valoradas positivamente polo seu carácter interdisciplinar. O efecto que estas teñen de achegamento da realidade ao/á alumno/a é un marco para a maduración individual, tanto a nivel de comportamento e sociabilidade como polo interese que teñen polo aprendizaxe sobre outras formas de facer e crear e estimulan aos rapaces na súa aprendizaxe.

Reúnense varias propostas coas que traballar:

- Exposicións dos traballos realizados polos alumnos, ao remate dos bloques temáticos.
- Participación en concursos de deseño (carteis, postais etc.) en diferentes épocas do curso.
- Visitas en viaxes concertados con rapaces do centro doutras materias a diferentes lugares polo seu interese patrimonial, arquitectónico ou cultural.
- Proposta de talleres e intercambio con outros colectivos de alumnos/as de outros centros.
- Visitas guiadas e puntuais a galerías e museos de arte de comunidade.
- Participación sobre xuntanzas ou exposicións de artistas Galegos ou de interese sobre a materia.
- Visitas a lugares pretos da comunidade que de interese cultural.
- E, se temos tempo e o consideramos oportuno, participación con outras actividades culturais do centro.

### **14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE DEBUXO  
DEBUXO ARTÍSTICO I e II

**PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E  
PROCESOS DE MELLORA.**

O departamento de Debuxo vai establecer unha reunión periódica para revisar como se está a aplicar esta programación, que dificultades atopamos, como se adapta aos diferentes grupos, etc. Tamén coordinaremos niveis, tanto en sentido horizontal como vertical.

Por outro lado analizaremos porcentaxes de aprobados e suspensos, así como as posibles causas do fracaso, de habelo.

Finalmente, ao remate do curso escolar, estudaremos que partes se deron máis completamente e aquelas que quedaron escasas e por que, realizando unha memoria do mesmo, a ter en conta na programación de vindeiros cursos. Poporemos, sempre que sexa necesario, medidas de mellora.

# ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

---

Curso 2020-21

**ÁREA.-** Debuxo Artístico I

**NIVEL.-** 1º Bacharelato

## ÍNDICE

<b>1º</b> Temporalización.....	21
<b>2º</b> Obxectivos desta adaptación.....	21
<b>3º</b> Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das non se impartiron no curso 2019-2020.....	21
<b>4º</b> Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado	21
<b>5º</b> Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.....	22
<b>a)</b> Revisión dos obxectivos de area ou materia.....	22
<b>b)</b> Revisión das competencias clave.....	22
<b>c)</b> Revisión dos contidos .....	22
<b>6º</b> Adaptacións necesarias á docencia non presencial.....	22
<b>a)</b> Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.....	22
<b>b)</b> Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.....	23
<b>c)</b> Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.....	23
<b>d)</b> Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.....	23
<b>e)</b> Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado .....	23
<b>7º</b> Revisión do desenvolvemento da addenda.....	24

### **1º Temporalización**

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

### **2º Obxectivos desta adaptación.**

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

### **3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.**

Dos informes individualizados do curso 2019-20 dedúcese que se traballaron a maior parte dos contidos programados a non ser algúns dos relacionados co último bloque de contidos relativos á historia.

### **4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.**

En Bacharelato non se realiza avaliación inicial. Só unha proba de coñecementos previos.

**5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.**

***a)Revisión dos obxectivos de area ou materia***

Os obxectivos desta área non se modifican

***b)Revisión das competencias clave***

As competencias clave non se modifican

***c)Revisión dos contidos***

Traballaranse os contidos que se detecten como non asimilados con anterioridade

**6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial**

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta**

***a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)***

Empregarase a plataforma Aula Virtual e Classroom, permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE DEBUXO

***b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.***

A docencia realizarase a través da Aula Virtual e Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado, que permite a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

***c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.***

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

***d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.***

Do alumnado deste nivel , hai casos que non teñen acceso a internet ou non todos dispoñen dun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático. A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, prestarémolles equipos do centro. e a rede buscaremos solucións a través de entidades coma Cruz Vermella ou servizos do concello

***e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.***

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual e Classroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase diariamente o acceso ás actividades da Classroom ou Aula Virtual dependendo do alumnado en corentena..

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE DEBUXO

**7º Revisión do desenvolvemento da addenda**

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.



# ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

---

Curso 2020-21

**ÁREA.-** Debuxo Artístico II

**NIVEL.-** 2º Bacharelato

## ÍNDICE

<b>1º</b> Temporalización.....	27
<b>2º</b> Obxectivos desta adaptación.....	27
<b>3º</b> Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das non se impartiron no curso 2019-2020.....	27
<b>4º</b> Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado	28
<b>5º</b> Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.....	28
<b>a)</b> Revisión dos obxectivos de area ou materia.....	28
<b>b)</b> Revisión das competencias clave.....	28
<b>c)</b> Revisión dos contidos .....	28
<b>6º</b> Adaptacións necesarias á docencia non presencial.....	28
<b>a)</b> Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.....	28
<b>b)</b> Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.....	28
<b>c)</b> Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.....	28
<b>d)</b> Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.....	29
<b>e)</b> Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado .....	29
<b>7º</b> Revisión do desenvolvemento da addenda.....	30

### **1º Temporalización**

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

### **2º Obxectivos desta adaptación.**

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

### **3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.**

Da memoria final, dedúcese que o alumnado non traballou os seguintes contidos:

Bloque 4: A luz

DA1.B4.2.1. Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.

Bloque 5. A cor.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE DEBUXO

**4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.**

**5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.**

***a)Revisión dos obxectivos de area ou materia***

Os obxectivos desta área non se modifican

***b)Revisión das competencias clave***

As competencias clave non se modifican

***c)Revisión dos contidos***

Traballaranse os contidos que se detecten como non asimilados con anterioridade

**6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial**

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE DEBUXO

***a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)***

Empregarase a plataforma Aula Virtual e Classroom, permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

***b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.***

A docencia realizarase a través da Aula Virtual e Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado, que permite a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

***c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.***

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

***d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.***

Do alumnado deste nivel, hai casos que non teñen acceso a internet ou non todos dispoñen dun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático. A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, prestarémoslles equipos do centro e a rede buscaremos solucións a través de entidades coma Cruz Vermella ou servizos do concello

***e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.***

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE DEBUXO**

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual e Classroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase diariamente o acceso ás actividades da Classroom ou Aula Virtual dependendo do alumnado en corentena..

**7º Revisión do desenvolvemento da addenda**

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.